

Asistencia obligatoria a actividades docentes na ETSE

(Acordo de Xunta de Escola de 4 de marzo de 2011)

Segundo a normativa de asistencia a clase a materias adaptadas ó EEES (acordo de Consello de Goberno da USC do 25 de Marzo de 2010), a asistencia a clase configúrase como un dereito/deber do alumnado, sendo a programación docente de cada materia a que determina e concreta as actividades formativas obrigatorias.

A asistencia a clase non debe considerarse como un fin, senón que o importante é a valoración dos resultados do proceso de aprendizaxe. A asistencia obligatoria a unha materia deberá, polo tanto, aplicarse naqueles casos nos que por metodoloxía (realización de probas en continuo ou gran interacción) o por requirir medios específicos (equipos de laboratorio, aulas de informática, etc.) resultaría inviable que o alumnado realizara a actividade individualmente fora da aula. Porén, nas clases expositivas, máis abertas, nas que o alumnado pode, por consulta de material bibliográfico, completar a súa formación por sí mesmo, non parece ter sentido a obrigatoriedade da asistencia.

Por esto, nas guías docentes de cada materia deberá xustificarse a necesidade da asistencia obligatoria ás actividades docentes, cunha explicación detallada das razóns que demandan a asistencia obligatoria. Asemade, a programación académica deberá indicar os aspectos a avaliar e os instrumentos ou procedementos de avaliación.

As guías docentes serán posteriormente revisadas polas comisións de titulación previa a súa aprobación pola Xunta de Escola. No caso que non aporten xustificación suficiente sobre os requisitos de asistencia, metodoloxía ou avaliación, a comisión poderá solicitar información adicional e, no seu caso, rexeitar o requisito de obrigatoriedade.

Deberá flexibilizarse a obrigatoriedade na asistencia no caso de alumnos repetidores ou en materias de títulos en proceso de adaptación, por incompatibilidade horaria con actividades obrigatorias doutras materias. De este xeito, o profesorado deberá determinar actividades de avaliación específicas para superar a disciplina, sen a necesidade de acudir a todas as actividades académicas programadas como obrigatorias. Neste caso a programación docente especificará os sistemas de avaliación específicos (aspectos a avaliar, instrumentos e criterios de avaliación así como a ponderación para a avaliación final).

As materias con actividades de asistencia obligatoria programaranse en horarios de mínima coincidencia con outras materias obrigatorias de cursos consecutivos.